

ARGUMENTARIO RESTRICIÓN Á CAZA

A medida adoptada con respecto á caza artículase segundo o seguinte:

Excepcionalmente, e como medida de control, poderán autorizarse accións de caza de especies cinexéticas, que deberán ser executadas por un só cazador, nos seguintes supostos:

- a) Con ocasión de graves danos xeneralizados á agricultura ou á gandería;*
- b) Como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico;*
- c) No suposto de graves riscos en sanidade animal (prevención da entrada da peste porcina africana).*

– En todos os casos anteriores, as xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda comprobarán previamente os riscos, continxencias ou o grao de inseguridade.

Decídese, así mesmo, remitir estas condicións excepcionais á Administración do Estado, para os efectos do seu coñecemento e da debida coordinación, dado que implica a posibilidade de desprazamento pola existencia dunha situación de necesidade, de acordo co disposto no artigo 7.1. g) do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo.

Dado que o sector agrícola e gandeiro debe manter a súa actividade durante o estado de alarma ao definirse como actividade de carácter esencial, resulta pois imprescindible prever aquelas medidas que garantan a continuidade das ditas actividades.

Como se pode comprobar, a medida contemplada está prevista para casos moi excepcionais e desde a administración considerouse que tal e como se ten artellado respectaríase o principio de proporcionalidade entre as medidas de restrición establecidas para o estado de alarma e a necesidade de garantir o mantemento de actividades esenciais.

No caso da pesca deportiva, non se dan as mesmas circunstancias, estando prohibida de facto dita actividade sempre que se manteña a situación de emerxencia sanitaria.